

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, o 27 de marzo de 2003,

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Manuel Portas Fernández, concelleiro de Normalización Lingüística, que actúa en nome do Concello de Santiago.

Da outra, don Carlos Manuel Callón Torres, presidente da Mesa pola Normalización, que o fai en nome desta entidade.

En virtude da súa representación, recoñécense mutuamente capacidade abonda para subscribir este convenio e,

EXPOÑEN

Que a Lei 3/1983 de normalización lingüística, no seu artigo 25, prevé que as corporacións locais fomenten a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras e que, ao abeiro disto, o Concello de Santiago de Compostela (en diante Concello) vén desenvolvendo o seu Plan de normalización lingüística (PNL), con accións propias ou en colaboración con outras entidades, destinadas a promover o uso da lingua propia de Galicia.

Que a Mesa pola Normalización Lingüística (MNL) é unha entidade sen fin de lucro creada co obxectivo de promover o uso do galego e a súa normalización en toda a sociedade para o que realiza tamén campañas e programas en diversos sectores.

Que os fins das dúas entidades son coincidentes nesta materia polo que, despois de varias colaboracións en proxectos concretos, consideran de interese para ambas establecer un marco de colaboración permanente, ampliando así as súas posibilidades de actuación e a incidencia social das propostas, tendo sempre como referente para as accións comúns o PNL do Concello.

E con base nestas consideracións,

ACORDAN

Primeiro. Obxectivos do convenio marco de colaboración

O obxecto deste convenio é regular as bases da cooperación entre o Concello e a MNL, de cara a impulsar e promover o uso do galego entre a cidadanía de Compostela.

Segundo. Áreas de actuación conxunta

As áreas de actuación serán as seguintes:

- Cooperación e coordinación en materia de normalización lingüística dentro do ámbito municipal e con referencia aos sectores sinalados no PNL ou nos acordos que o desenvolvan ou actualicen.
- Seguimento conxunto das accións desenvolvidas por ambas partes e propostas de novas actuacións.
- Para as actuacións específicas que posteriormente se realicen como consecuencia deste convenio marco, a MNL e o Concello establecerán os instrumentos de colaboración máis adecuados para o cumprimento dos obxectivos previstos neste convenio marco, tendo como referente o PNL do Concello, que poderán concretarse en addendas a este acordo nas que se establezan as prestacións de cada unha das partes.

Terceiro. Achegas da MNL

A MNL prestará ao Concello o seu asesoramento permanente en materia de extensión do uso social da lingua galega e, de maneira especial en todos aqueles proxectos para os que sexa requirida polo Concello, participando nas comisións de traballo que sexa necesario.

A MNL realizará asemade un labor de difusión das actuacións que realice o Concello dirixidas aos sectores en que esta organización teña maior implantación.

Achegará tamén propostas de desenvolvemento dos obxectivos recollidos no PNL atendendo especialmente ás demandas que, pola súa introducción social, poida percibir entre a poboación Compostelá.

Informará ao Concello do desenvolvemento de calquera proxecto propio que se realice dentro do ámbito municipal, procurando fórmulas de coordinación e aproveitamento dos recursos.

Recoñecerá o Concello como socio colaborador da entidade, aplicándolle os beneficios que ten establecidos para esta condición.

Cuarto. Achegas do Concello

O Concello achegará á MNL información de todas as súas actividades en materia de normalización da lingua.

Contribuirá así mesmo aos fondos da organización coa cota anual que estea establecida para a condición de socio colaborador, que para o exercicio 2003 é de 1.200 euros.

Para as intervencións cun carácter máis específico que poidan acordarse e que excedan do establecido nas cláusulas deste convenio marco, recollidas en

addendas ao texto, estableceranse por acordo mutuo as correspondentes contraprestacións.

Quinto. Financiamento

Para o pagamento das cantidades previstas neste convenio, así como nas addendas que se establezan, a MNL presentará no Rexistro Xeral do Concello as facturas correspondentes polos conceptos sinalados.

O Concello fará efectivos os devanditos importes na conta que sinale a MNL con cargo á partida de normalización lingüística do orzamento municipal.

Sexto. Seguimento e avaliación

Créase unha comisión paritaria para o seguimento e avaliación do establecido neste convenio marco, que elaborará así mesmo as propostas de intervención concretas para cada ámbito ou período temporal.

Formarán parte da dita comisión dúas persoas designadas por cada unha das entidades.

Sétimo. Réxime xurídico

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos réxense polo establecido nos seus acordos. No que estes non prevén aplicaráselle os principios da lexislación vixente sobre contratos das administracións públicas, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A posíbel discrepancia na aplicación ou interpretación deste convenio resolverase mediante o diálogo directo entre as partes na comisión de seguimento prevista.

A xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Oitavo. Vixencia do convenio marco de colaboración

Este convenio marco de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha prolongación no tempo sen necesidade de asinar un novo convenio, sempre que o resultado da avaliación anual sexa positivo e sempre que as dúas entidades o consideren oportuno.

Poderá resolverse por mutuo acordo das partes, ou poderá ser obxecto de denuncia por calquera delas, poñéndoo en coñecemento da outra, polo menos, con tres meses de antelación á data na que desexe deixalo sen efecto.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, este convenio asínase por duplicado na data mencionada.

POLO CONCELLO DE SANTIAGO

POLA MESA POLA
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Asdo.: Manuel Portas Fernández

Asdo.: Carlos Manuel Callón Torres